

Ilustre Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra



MEMORIA ANUAL

2018

ÍNDICE

1. Xunta Xeral
2. Xunta de Goberno e Comisións
3. Axenda do Presidente e Xunta de Goberno
4. Accións formativas e informativas
5. Día da muller traballadora xornada: acoso laboral e as súas consecuencias
6. 1ª Xornada Laboralista
7. Xornadas técnicas 2018
8. Actos solemnes institucionais
9. Cea Confraternidade
10. Servizo gratuíto de orientación xurídico laboral
11. Bolsa de emprego
12. Base de datos
13. Sinatura de convenios
14. Censo de colexiados
15. Informe anual de xestión económica
16. Procedementos informativos e sancionadores
17. Queixas e reclamacións

22 de marzo.- O Ilustre Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra, celebrou a Xunta Xeral Ordinaria Anual, na que se aprobou a acta da Xunta Xeral anterior, memoria anual, balance e contas anuais de ingresos e gastos correspondentes a 2017, así como o orzamento para o exercicio 2018.

8 de maio.- Celebrouse a Xunta Xeral Extraordinaria para a celebración de eleccións e votacións, segundo CONVOCATORIA DE ELECCIÓN PARA PRESIDENCIA E VOCAIS DA XUNTA DE GOBERNO DO ILUSTRE COLEXIO OFICIAL DE GRADUADOS SOCIAIS DE PONTEVEDRA: Presidente, 7 Vocais en calidade de exercente e 1 Vocal non exercente.

Cumprindo co calendario electoral, e habéndose presentado un só candidato a Presidente e tantos candidatos como vacantes de Vocais Exercentes (sete), a proclamación do candidato a Presidente e dos sete candidatos a Vocal Exercente equivale á elección, polo que esta só celebrouse respecto á praza vacante de Vocal Non Exercente para a que se presentaron tres candidatas. A Mesa Electoral quedou constituída ás 16:00 horas na Sede Colexial ata as 20:00 horas, que facilitou a emisión do voto de tódolos colexiados, e escrutinio dos votos, SAÍNDO ELIXIDA D^a. ANA DE LA TORRE ÁLVAREZ.

Presidente

D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde

Vocais exercentes

D^a. Mercedes Vea Vázquez

D. Marcos Plaza Precedo

D^a. Noemí Sordo Herrero

D. Francisco Javier Rego Martínez

D. José Antonio Pazó Calvar

D^a. Remedios Copa Sánchez

D^a. Nuria Giráldez Villar

Vocal non exercente

D^a. Ana de la Torre Álvarez



En virtude do disposto no artigo 47 dos vixentes Estatutos Xerais dos Colexios Oficiais de Graduados Sociais, aprobados polo R.D. 1415/2006 de 1 de decembro de 2006 (BOE 16.12.2006) e modificados por R. D. 503/2011 de 8 de abril de 2011 (BOE 27.04.2011), así como no disposto no artigo 48 dos vixentes Estatutos do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra aprobados pola Orde do 1 de setembro (DOGA 11.09.2008), dentro do Proceso Electoral regulamentario, a Xunta de Goberno de este Ilustre Colexio, quedou constituído, tralo acordo tomado en reunión de xunta do 24 de maio de 2018, como a continuación se detalla:



PRESIDENTE
Raúl E. Gómez Villaverde



VICEPRESIDENTA
Mercedes Veá Vázquez



SECRETARIA
Noemi Sordo Herrero



TESOUREIRO
Marcos Plaza Precedo



VOCAL EXERCENTE
José Antonio Pazó Calvar



VOCAL EXERCENTE
F. Javier Rego Martínez



VOCAL EXERCENTE
Remedios Copa Sánchez



VOCAL EXERCENTE
Nuria Giráldez Villar



VOCAL NON EXERCENTE
Ana de la Torre Álvarez

COMISIÓNS DE TRABALLO

RELACIÓNS COA TGSS

D. Marcos Plaza Precedo
D^a. Nuria Giráldez Villar

RELACIÓNS CO INSS

D^a. Mercedes Veá Vázquez
D. Marcos Plaza Precedo

RELACIÓNS CO SEPE

D. José Antonio Pazó Calvar
D^a. Ana de la Torre Álvarez

RELACIÓNS COA AEAT

D. Francisco Javier Rego Martínez
D^a. Noemí Sordo Herrero

RELACIONES COAS MUTUAS

D^a. Mercedes Veá Vázquez
D^a. Noemí Sordo Herrero

CULTURA E COMUNICACIÓN

D^a. Remedios Copa Sánchez
D^a. Ana de la Torre Álvarez

SERVIZO DE ATENCIÓN A USUARIOS E CONSUMIDORES

D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde
D. Francisco Javier Rego Martínez

REUNIÓNS DE XUNTA DE GOBERNO:

- 8 de febreiro
- 8 de marzo
- 12 de abril
- 24 de maio
- 28 de xuño
- 20 de setembro
- 22 de outubro
- 29 de outubro
- 8 de decembro
- 20 de decembro

PRESIDENCIA:**-PLENOS DO CONSELLO XERAL DE COLEXIOS OFICIAIS DE GRADUADOS SOCIAIS DE ESPAÑA**

- 23 de febreiro
- 14 de xuño
- 8 de outubro
- 15 de decembro

-FUNDACIÓN “JUSTICIA SOCIAL”

- 15 de xuño: Convocatoria Reunión Patronato

COMISIÓNS DE TRABALLO

- 21 de maio e 8 de novembro
Reunión na delegación provincial da **TGSS** en cumprimento das normas de constitución e desenvolvemento dos comités de aplicación e seguimento do convenio de colaboración coa TGSS e o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España
- 4 de xaneiro e 20 de decembro
Reunión na delegación provincial da **AEAT** de Pontevedra, na que se trataron temas de novidades para os anos 2018 e 2019 respectivamente

ASISTENCIA A REUNIÓNS E ACTOS**FEBREIRO**

- **REUNIÓN SEGUIMENTO DAS INCIDENCIAS DE LEXNET**
5 de febreiro.- Presidente do Colexio asiste a esta reunión en A Coruña, acompañado do compañeiro Graduado Social no exercicio da profesión D. Juan Manuel Barral Alfonso, co obxectivo de tratar o seguimento do funcionamento de LexNET, para alegar as incidencias e consideracións que se aprecian á hora de traballar con dita plataforma
- **REUNIÓN COA DECANA DA FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO**
15 de febreiro.- O Presidente do Colexio reúne coa Decana para tratar o convenio coa Mutua Ibermutuamur, Mutua Colaboradora coa Seguridade Social, que entre outros fins ten como obxectivo, o fomento de prácticas académicas externas para os novos Grados en Relacións Laborais e Recursos Humanos con mellores expedientes académicos, para a realización de prácticas correspondentes na Mutua a efectos da súa preparación para o exercicio profesional como Graduados Sociais.
- **XORNADA ORGANIZADA POLO CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL, SERVIZO DE FORMACIÓN CONTINUA, INVITACIÓN DO PRESIDENTE DO CONSELLO XERAL**
21 de febreiro.- Presidente do Colexio asiste invitado polo Consello Xeral á xornada “Revisión do actual réxime da I.P. (vixencia u obsolencia de algúns criterios gradualistas. Valoración e recoñecemento de novas enfermidades. Propostas de mellora e superación do actual réxime transitorio”.

MARZO

- **II XORNADAS LABORALISTAS DE LUGO**
2 de marzo.- Asisten Mercedes Vea Vázquez, Vicepresidenta do Colexio, os Vocais Remedios Copa Sánchez, Francisco Javier Rego Martínez a estas Xornadas celebradas en Monforte de Lemos.
- **REUNIÓN XUNTAS DE GOBERNO DOS COLEXIOS DE GALICIA**
2 de marzo.- Asisten Remedios Copa Sánchez, Francisco Javier Rego Martínez, Mercedes Vea Vázquez, José Antonio Pazó, levantando a correspondente acta.

ABRIL

- **REUNIÓN FACULTADE DE LUGO ASUNTO OPOSICIÓNS FOL**
4 de abril- Asiste Raúl
- **REUNIÓN EN LUGO CONSELLO AUTONÓMICO**
7 de abril- Asiste Raúl
- **CELEBRACIÓN DO RELATORIO “SAÍDAS PROFESIONAIS” ORGANIZADO POLA FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO DA UNIVERSIDADE DE VIGO.**
20 de abril.- Celébrase no salón de Grado da Facultade, coa intervención como relator do Vocal da Xunta de Goberno, D. Javier Rego, para abordar as oportunidades no ámbito privado dos profesionais no ámbito laboral.

MAIO

- **AUDIENCIA CO VICEPRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA E OS COLEXIOS DE GRADUADOS SOCIAIS DE GALICIA**
16 de maio.- O presidente do Colexio, D. Raúl E. Gómez Villaverde xunto co presidente de Lugo, D. Manuel Núñez Carrera e o Vicepresidente do Colexio de A Coruña e Ourense, D. Alejandro Pérez Otero reuníronse co Vicepresidente da Xunta de Galicia, o Sr. Alfonso Rueda Valenzuela e a Secretaria Xeral Técnica. Esta audiencia viu motivada a petición dos presidentes dos Colexios de Graduados de Galicia para tratar entre outros asuntos os relacionados coa Folga na Administración de Xustiza e fin da mesma, falouse do Turno de Oficio Social e fundamentalmente sobre a relación de Postos de Traballo que convoca a Xunta e a titulación de Grado en Relacións Laborais , Diplomados Graduados Sociais en relación coas convocatorias de Emprego Público.



- **REUNIÓN CO PRESIDENTE DO CONSELLO XERAL EN ASTORGA**
17 de maio.- O presidente do Colexio, D. Raúl E. Gómez Villaverde
- **REUNIÓN COA PRESIDENTA DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS**
23 de maio.- D. Raúl, co motivo do CONSELLO AUTONÓMICO

XUÑO

- **VISITA DAS OBRAS DA FUTURA CIDADE DA XUSTIZA DE VIGO**
04 de xuño.- O Colexio estivo representado por Mercedes Vea e Remedios Copa. A invitación ao acto de finalización das obras de derribo e comezo da construción do proxecto gañador do arquitecto vigués Penela, foi cursada pola Xunta aos Colexios Oficiais de todos os operadores xurídicos da demarcación de Vigo. Estiveron presentes o Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, o Vicepresidente Alfonso Rueda e o Director Xeral de Xustiza, Juan José Martín, ademais do arquitecto da obra e o seu equipo.



- **REUNIÓN COLEXIOS DE GALICIA E FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS**
07 de xuño.- Asiste D. Raúl Gómez, xunto coa representación dos outros Colexios de Galicia, para negociar a sinatura do Convenio de Asistencia Xurídica Gratuíta.



- **REUNIÓN COLEXIOS DE GALICIA DIRECCIÓN XERAL FAMILIA SOBRE MEDIACIÓN**
12 de xuño.- D. Raúl Gómez, asiste a este reunión en Santiago de Compostela, onde se aproba o anteproxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do Mediador Familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e o recoñecemento da Mediación Gratuíta, onde os Graduados Sociais entran nas titulacións con dereito de acceso á lista de mediadores de familia.



- **ACTO ACADÉMICO DE GRADUACIÓN VI PROMOCIÓN DO GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS 2014-2018**
14 de xuño.- O Ilustre Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra participou na cerimonia de Graduación da promoción de Grado en RR.LL. e RR. HH. da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo. Ao acto acudiu unha ampla representación da Xunta directiva do Colexio: a Vicepresidenta, Mercedes Vea como representante do Colexio que dirixiu unhas cálidas palabras de felicitación ás novas incorporacións á profesión, e puxo a Institución Colexial a súa disposición, cunha ampla programación formativa para facer fronte aos cambios, como a súa vez a posibilidade de realizar prácticas, tanto no propio Colexio como nos despachos dos compañeiros colexiados. Destacando a posibilidade de realizar ditas prácticas no Servizo de Orientación Laboral Gratuíto.



- **PRESENTACIÓN “MEMENTO GRADUADO SOCIAL”**

14 de xuño.- D. Raúl Gómez, e os presidentes dos Colexios de Galicia, asistiron a esta presentación en Madrid.



- **ASISTENCIA I XORNADAS SOBRE IGUALDADE**

14 y 15 de xuño.- Tiveron lugar no Ateneo de Madrid, estas xornadas organizadas pola Fundación Xustiza Social-Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España. Ás mesmas acudiu o Presidente, D. Raúl Gómez.

- **REUNIÓN FUNDACIÓN XUSTIZA SOCIAL**

15 de xuño.- O Presidente, asiste en Madrid a reunión como Patrono Nato de dita Fundación

XULLO

- **REUNIÓN SECRETARIA XERAL DE IGUALDADE**

03 de xullo.- O Presidente, asiste en Santiago de Compostela a reunión xunto ós Presidentes dos Colexios de Galicia para tratar sobre o borrador de Convenio de colaboración para a prevención do acoso sexual no entorno laboral.

- **REUNIÓN CO NOVO DIRECTOR PROVINCIAL DA TGSS**

09 de xullo.- O Presidente, reuniuse co Director Provincial da TGSS para a súa presentación

- **ASISTENCIA CONSELLO XERAL CONFERENCIA “LA POLÍTICA EN ESPAÑA”**

17 de xullo.- D. Raúl E. Gómez Villaverde, Presidente, asistiu á sede do Consello Xeral á conferencia sobre “La política en España” convocada pola Fundación Xustiza Social.

SETEMBRO

- **VISITA OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO NOVO EDIFICIO XUDICIAL DE PONTEVEDRA**

24 de setembro.- Visita que realizou o Presidente da Xunta de Galicia e a que asistiu D. Raúl Gómez.

- **FORO DE INVERSIÓNS E FINANZAS. ISONOR**

27 setembro.- Terceiro foro de inversións e finanzas persoais. “Educación Financiera en la empresa para mejorar el bienestar de los trabajadores”. Acude o presidente invitado polo Grupo Isonor, no Circulo de Empresarios de Vigo.

OUTUBRO

- **APERTURA AÑO XUDICIAL**

05 de outubro.- O Presidente, asiste en A Coruña á apertura do ano Xudicial no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

- **XVII ENCONTRO GALEGO RRL**

25 e 26 de outubro.- D. Raúl E. Gómez Villaverde, Presidente, asiste en Santiago o XVII Encontro Galego de Relacións Laborais, para tratar temas de conciliación e mediación no ámbito laboral. Participando na mesa de traballo “Aspectos técnicos e procesuais”, moderada polo Consello Galego de Relacións Laborais. Colaboraron representantes de sindicatos de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia, a Inspección de Traballo e Seguridade Social, a Xudicatura, a Xunta de Galicia e os Colexios Oficiais de Graduados e de Avogados de Galicia. Como conclusión do encontro manifestouse a súa adhesión e apoio de aprobar un Acordo Interprofesional sobre procedementos extraxudiciais para a solución dos conflitos individuais en Galicia.

NOVEMBRO

- **ACTOS INSTITUCIONAIS A CORUÑA**

23 de novembro.- O Colexio Oficial de Graduados Sociais de A Coruña e Ourense celebraron os Actos Institucionais no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia presididos polo Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Cadenas Sobreira. O Presidente, D. Raúl E. Gómez Villaverde, asistiu ó acto de Xura ou Promesa. A continuación, tivo lugar a entrega da insignia profesional ós Graduados Sociais incorporados ó Colexio, entrega de figuras conmemorativas ós 25 e 50 anos de colexiación, entrega mención “Colexiado de Honra” á Real Institución Benéfico Social “Pare Rubinos” e a entrega da Medalla de Ouro ó Mérito Colexial do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España, concedida a título póstumo a D. Juan Emilio Fariza Pérez.

DECEMBRO

- **PREMIOS MÉRITO SOCIAL 2018 - MENCIÓN DE HONRA A D^a. REMEDIOS COPA SÁNCHEZ**

14 de decembro.- Na Real Academia de Xurisprudencia e Lexislación, en Madrid; tivo lugar a entrega das Mencións de Honra que outorga o Consello Xeral de Graduados Sociais a aquelas persoas que han destacado pola súa actividade profesional relacionada coa Xustiza Social. Dona Remedios Copa Sánchez foi unha das homenaxeadas cunha Mención de Honra en xusto recoñecemento a súa traxectoria profesional e a súa colaboración co noso Colectivo. Estivo acompañada polo Presidente do Ilustre Colexio de Graduados Sociais D. Raúl E. Gómez Villaverde e pola Vicepresidenta D^a. Mercedes Veá Vázquez.



- **VOTACIÓN E ESCRUTINIO PARA PRESIDENTE CONSELLO XERAL**

15 de decembro.- D. Raúl E. Gómez Villaverde, como Presidente, estivo presente nesta xornadas no Pleno e votación para o cargo de Presidente do CGCOGSE, escrutinio e proclamación así como o escrutinio dos cargos de Vicepresidente Segundo e dous vocais.

FEBREIRO

- **OS INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN: SUPOSTOS DE CONTRATACIÓN DE FAMILIARES SEDE COLEXIAL**
D. Ismael Rego Vilar
Coordinador do Observatorio das Ocupacións do Servizo Público de Emprego Estatal
- **PECHE FISCAL 2017-2018 SEDE COLEXIAL**
D. José Antonio Fernández Pérez,
Corpo técnico da AEAT de Vigo

ABRIL

- **IRPF. NOVIDADES EN LA DECLARACIÓN DEL 2017 SEDE COLEXIAL**
D^a. Lingrid Guijo Müller
Técnico de Hacienda. Xefa de servizo (IRPF) de Xestión Tributaria, AEAT de Vigo



- **DEREITO Á INTIMIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS NO ÁMBITO LABORAL EN COLABORACIÓN CO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS NO LICEO CASINO DE PONTEVEDRA**
D^a. Verónica Martínez Barbero
Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais
D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde
Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra

**MAIO**

- **CAMPAÑA 2018 ACTUACIÓN INSPECTORA CONTRATOS: IMPULSO AO EMPREGO XUVENIL EN COLABORACIÓN CO GRUPO ISONOR NO CÍRCULO DE EMPRESARIOS DE GALICIA. VIGO**
D. Ismael Rego Vilar
Coordinador de formación e emprego
D. Ivan Álvarez Alonso
Inspector de Traballo e Seguridade Social



XUÑO

- FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO SEDE COLEXIAL**
D^a. Guadalupe Castro
 Técnico de seguimento da FUNDAE
D. Ismael Rego Vilar
 Coordinador de Formación e Emprego SEPE Pontevedra



- NOVO REGULAMENTO DE PROTECCIÓN DE DATOS UN RETO DE EMPRESA E PROFESIONAIS EN COLABORACIÓN CO GRUPO ISONOR SECE COLEXIAL**
D. Daniel Neira Barral
 Letrado Grupo Isonor



5 DÍA DA MULLER TRABALLADORA XORNADA: "ACOSO LABORAL E AS SÚAS CONSECUENCIAS"

7 de marzo.- Este Colexio Oficial celebrou na sede colexial unha xornada co motivo do DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA, coa presentación por parte de D^a. Remedios Copa Sánchez, vocal da xunta de goberno e membro da comisión de cultura e comunicación, e D^a. Mercedes Veá Vázquez, Vicepresidenta, da proxección dunha película documental relacionada coa efeméride do 8 de marzo.

A continuación tras un breve descanso tivo lugar unha conferencia impartida por D^a. Ana Izquierdo Galante, Psicóloga especialista e Perito Xudicial en temas de acoso laboral e as súas consecuencias



6 1ª. XORNADA LABORALISTA 2018 “PROBLEMAS LABORAIS NO MARCO DA ECONOMÍA 4.0”

21 de setembro.- O Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra, xunto coa Fundación “Justicia Social” celebramos a primeira edición das Xornadas Laboralistas baixo o título “*Problemas laborales en el marco de la economía 4.0*” no salón de Grados da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo.

As mesas presentadas e moderadas pola xornalista D^a. María Varela Abeleiras, foron as seguintes:

- “**VIDEOVIXILANCIA E CONTROL INFORMÁTICO**” impartida por D. Javier San Martín Rodríguez, Presidente do Consello Xeral de Graduados Sociais de España.



- “**REGULAMENTO DE PROTECCIÓN DE DATOS**”, por D^a. Belén Cardona Rubert, Catedrática de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Valencia.



- “**NOVA ECONOMÍA Y RELACIÓN LABORAL**” por D. Jesús Cruz Villalón, Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Sevilla.



- **“NOVA ECONOMÍA Y DESCENTRALIZACIÓN PRODUCTIVA”** de D^a. Teresa Conde Pumpido, Maxistrada da sala do Social do TSX de Galicia.



- **“RELACIONES COLECTIVAS EN LA NOVA ECONOMÍA”** de D. Jaime Cabeza Pereiro, Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Vigo.



Un encontro que abordou os problemas derivados da contratación de falsos autónomos que realizan coñecidas plataformas tecnolóxicas de servizos diversos que van dende o aluguer de coches a entregas en domicilio de comida, vulnerando desta maneira a legalidade, contratando traballadores como autónomos, o que ten repercusión directa nos salarios e nas cotizacións á seguridade social, tratouse tamén as consecuencias da robotización, a protección de datos ou o control informático.

A mesa do acto inaugural estivo integrada por Javier San Martín, Presidente do Consello Xeral de Graduados Sociais e da Fundación Justicia Social; Miguel Ángel Michinel Álvarez, Secretario Xeral da Universidade de Vigo, que asistiu en representación do Reitor; Raúl Gómez, Presidente do Colexio de Graduados Sociais de Pontevedra e Vigo e de Almudena Bergareche, Decana da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo.



A xornada, que nace con vocación de continuidade, asistiron como público graduados sociais, avogados laboralista e alumnos de Dereito e Relacións Laborais, así como mestres universitarios. E foron clausuradas por M^a. José Caride, concelleira do Concello de Vigo, en representación do Alcalde e Marta Mariño, Xefa Territorial de Pontevedra e Vigo da Vicepresidencia, en representación do Vicepresidente da Xunta de Galicia e a presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais, Verónica Martínez.

NA SEDE COLEXIAL:

8 de novembro

- **NOVIDADES EN RETA A PARTIR DO 1/10/2018. TRÁMITES TELEMÁTICOS. O.M. ESS/214/2018, DE 1 DE MARZO.**

EN COLABORACIÓN COA MUTUA MAZ

D^a. M^a. del Carmen Gil Peña

Subdirectora Xestión Recaudatoria.

Dirección Provincial TGSS Pontevedra



15 de novembro

- **ONTE E HOXE DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN. AS NOVAS NOTIFICACIÓNS TELEMÁTICAS**

D. Diego Gómez Fernández

Avogado experto en Procedemento Administrativo



22 de novembro

- **RADIOGRAFÍA DIXITAL DA XURISDICCIÓN SOCIAL EN ESPAÑA. O EXPEDIENTE XUDICIAL ELECTRÓNICO**

D. Germán M^a. Serrano Espinosa

Decano Xulgados de Vigo

Maxistrado da Sala do Social nº. 2 dos Xulgados de Vigo





MESA PRESIDENCIAL ACTOS SOLEMNES INSTITUCIONAIS:

(de esquerda a dereita:)

Señor Vicedecano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo
D. Alexandre Pazos Pérez

Señora Letrada da Administración de Xustiza da Sala do Social nº 2 de Vigo
D^a. M^a del Carmen Adellac Pascual

Ilustrísimo Señor Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra
D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde

Excelentísimo Señor Presidente do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España
D. Francisco Javier San Martín Rodríguez

Excmo. Señor Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
D. Miguel Angel Cadenas Sobreira

Vosa Señoría Ilustrísima, Señor Decano dos Xulgados de Vigo
D. Germán M^a Serrano Espinosa

Vosa Señoría Ilustrísima, Señora Decana dos Xulgados de Pontevedra
Dña. M^a Belén Rubido de la Torre

El Colegio de Graduados Sociales celebra el acto de jura de seis colegiados

El Colegio Oficial de Graduados Sociales de Pontevedra celebró ayer en Vigo un solemne acto de jura de 6 nuevos colegiados, bajo la presencia del presidente del TSXG, Miguel Ángel Cadenas y del juez decano de Vigo Germán Serrano. También se entregaron tres premios coderas de oro, plata y bronce a los tres mejores expedientes del grado de Relaciones Laborales así como la mención especial de tres graduados sociales por sus 25 años colegiados.



El acto se celebró en los juzgados de Vigo. // P. Fariña

9 CEA CONFRATERNIDADE

Celebrouse no restaurante do Hotel Hesperia de Vigo cunha importante participación do colectivo para concluír o ano.



Nesta agradable velada, homenaxeouse a D^a. Isabel Fonseca, Xerente do Colexio durante 29 anos, xa que se acolleu á xubilación voluntaria, agradecéndolle a xunta de goberno a súa dedicación, ilusión e vontade de dignificar a profesión de GRADUADO SOCIAL ante a sociedade durante todo este tempo.


10 SERVICIO GRATUÍTO DE ORIENTACIÓN XURÍDICO LABORAL

O longo de todo o ano 2018 continuouse co funcionamento do Servizo de Orientación Xurídico Laboral.

De forma desinteresada e gratuíta no eido de prestar asesoramento xurídico aos cidadáns sen recursos de Pontevedra continúaase co servizo atendido por profesionais colexiados en exercicio por conta propia, que un día a semana fan garda nas Instalacións da sede colexial, atendendo así á cidadanía con poucos recursos “xubilados, desempregados, traballadores, autónomos por conta allea, pequenas pemes, estranxeiros, emigrantes”

Prestaron este servizo en quendas semanais un total de 16 Graduados Sociais, resultando no ano 2018 un total de 121 consultas realizadas polos cidadáns de forma presencial na sede colexial e entre elas 2 consultas urxentes resoltas telefonicamente.

Pódese resumir que a maioría das consultas realizadas polos cidadáns tratan sobre temas laborais; cun porcentaxe dun 44% do total, así mesmo tamén existe unha alta demanda de consultas en relación a despedimentos, 24% e salarios un 21%.



11 BOLSA DE EMPREGO

O Colexio de Graduados Sociais, ten en funcionamento unha bolsa de emprego na que os profesionais ou empresas que precisen cubrir un posto vacante poden solicitar que se lles envíe, indicando os requisitos necesarios e unha breve descrición do posto, os curriculums de colexiados que estean interesados para a súa cobertura.

Unha vez recibida a solicitude no Colexio, comunícase ós colexiados da oferta de emprego dispoñible para que os que estean interesados remitan os seus datos actualizados e poder facilitalos ó profesional ou empresa. Con isto logramos mellorar a busca de posibles candidatos así como, axudar ós colexiados na súa procura activa de emprego.

No transcurso de 2018, recibíuse no Colexio un total de 30 ofertas de emprego, ofrecendo na súa maioría un posto de Graduado Social nos departamentos laborais de diferentes asesorías.

12 BASE DE DATOS

O Colexio de Graduados Sociais de Pontevedra, continúa coa contratación da editorial Tirant lo Blanch, pola que tódolos colexiados e colexiadas de Pontevedra a través da zona privada da Web colexial, poden acceder sen limitación de accesos nin tempo, nin descargas, a multitude de servizos e contidos nas materias de Laboral, Convenios Colectivos, Axudas e Subvencións; Financeiro e Tributario; Contabilidade e Auditoría.

- Lexislación: Tratados e Convenios Internacionais, Comunitaria, Estatal, Autonómica, Foral e unha gran cantidade de ordenanzas locais.
- Toda a Xurisprudencia incluída en Tirant Asesores das materias laboral, Financeiro e Tributario e Mercantil

- Todos os Formularios de cada unha das materias contratadas
- Acceso a toda a Biblioteca de cada unha das materias contratadas
- A incorporación de Esquemas procesuais e substantivos dos ámbitos contratados (Procesual civil, Privado, Laboral e Financeiro)
- Acceso os GPS de Laboral e Fiscal
- Base de Datos de Consultas
- Unha completa base de datos Bibliográfica
- Servizo de Novidades. Boletín específico de novidades legislativas, xurisprudencia, doutrinais e bibliográficas.

Esta contratación ten varias vantaxes, xa que conta con servizos exclusivos da editorial como unha atención o colexiado continua ó longo dos 365 días ó ano. Tamén existe un apartado denominado “se lo buscamos” que consiste en que a través del pódense obter documentos de Xurisprudencia e Lexislación aínda que non figuren na base de datos.

13 | SINATURA DE CONVENIOS

12 de xaneiro 2018

- **SINATURA CONVENIO DE COLABORACIÓN CON IBERMUTUAMUR**

Sinatura de convenio con IBERMUTUAMUR, Mutua Colaboradora coa Seguridade Social, que entre outros fins ten como obxectivo, o fomento de practicas académicas externas para os novos Grados en Relacións Laborais e Recursos Humanos con mellores resultados académicos, para a realización de practicas correspondentes na Mutua a efectos da súa preparación para o exercicio profesional como Graduados Sociais.



21 de xuño 2018

- **RENOVACIÓN SINATURA CONVENIO CON MAZ, MUTUA COLABORADORA COA SEGURIDADE SOCIAL**

Renovación da sinatura do convenio subscrito con MUTUA MAZ, Mutua Colaboradora coa Seguridade Social, que colabora con este Colexio na organización de actos diversos, dirixidos os seus colexiados asociados ou adheridos a MAZ como os seus traballadores, a fin de orientar, formar e informar no coñecemento da normativa e actividades que han de observar en materia preventiva no ámbito da Seguridade Social, así como das restantes funcións que constitúen o cometido da Mutua como Entidade Colaboradora coa Seguridade Social.



8 ALTAS

5 non exercente
1 exercente de empresa
2 exercentes libres

16 BAIXAS

0 emérito
10 non exercente
2 exercente de empresa
4 exercentes libres

8 MODIFICACIÓN

3 de N.E. a E.L.
2 de E.E. a E.L.
1 de E.L. a N.E.
1 de N.E. a emérito
1 de E.E. a emérito


TOTAL COLEXIADOS A 31 DE DECEMBRO 2017: 398

Non exercente 152
Eméritos 26
Exercente de empresa 47
Exercentes libres 173

TOTAL COLEXIADOS A 31 DE DECEMBRO 2018: 390

Non exercente 144
Eméritos 28
Exercente de empresa 43
Exercentes libres 175

COMPARATIVA 2017 - 2018



15 INFORME ANUAL DE XESTIÓN ECONÓMICA

a) Informe anual de xestión económica, incluíndo os gastos de persoal suficientemente desagregados e especificando as retribucións dos membros da xunta de Goberno en razón do seu cargo:

GASTOS DE PERSOAL SEGUNDO CONVENIO COLECTIVO OFICINAS E DESPACHOS

SALARIOS BRUTOS: 43.048,39 €
SEGUROS SOCIAIS: 13.091,46 €
TOTAL CUSTE PARA O COLEXIO 56.139,85 €

GASTOS DE DESPRAZAMENTO E GASTOS OCASIONADOS POLOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO NO DESEMPEÑO DAS SÚAS FUNCIÓNS.

Conforme ao artigo 41.1 dos Estatutos, o exercicio dos cargos de Presidente e vogal da Xunta de Goberno terá carácter obrigatorio, honorífico e gratuíto, sendo así que a totalidade dos membros da Xunta de Goberno non percibiron remuneración algunha polo exercicio dos seus cargos nin polos traballos realizados para o Colexio, aboándose en concepto indemnizatorio os gastos de desprazamento e os gastos ocasionados por estes no desempeño das súa funcións, reflectidos na contabilidade na conta 627 como segue:

Gastos de desprazamento Presidencia e Xunta de Goberno: 7.647,48€
Gastos representación presidencia: 1.475,35 €

b) Importe das cotas aplicables desagregadas por concepto e polo tipo de servizos prestados, así como as normas para o seu cálculo e aplicación.

DE EXERCENTES LIBRES DA PROFESIÓN POR CONTA PROPIA

Cota incorporación ao Colexio: 170,38 €
Cota mensual 36,82 €

DE EXERCENTES DA PROFESIÓN POR CONTA ALLEA

Cota incorporación ao Colexio: 111,12 €
Cota mensual: 24,55 €

DE NON EXERCENTES

Cota incorporación ao Colexio: 73,46 €
Cota mensual: 12,27 €

GASTOS IMPUTABLES A ALTA COLEXIACIÓN

	EXERCENTE LIBRE	EXERCENTE EMPRESA	NON EXERCENTE
FASE PREVIA DE INFORMACIÓN			
MEDIANTE CHAMADA TELEFÓNICA	15	10	8
RECLAMACIÓN TELEFÓNICA DOCUMENTACIÓN	5	5	5
EN PERSOA NAS INSTALACIÓNS	40	15	10
TOTAL MINUTOS	60	30	23
COLEXIACION			
RECEP.E COTEXO DOCUMENTACIÓN	15	5	5
FOTOCOP RESGARDO BANCARIOS	3	3	3
FOTOCOP TITULO E REDUCIÓN	5	5	5
COMPULSAS	8	7	3
APERTURA DE EXPEDIENTE ASIG. NÚMERO/GS-SLP	10	5	5
ESCANEAR FOTOGRAFIA COLEXIADO	5	5	5
ALTA EN BD GRADUADOS/ SOCIEDADE.PROFESIONAL.	20	6	3
ALTA EN PANEL DE ADMINISTRADOR WEB	16	8	8
ALTA PROG DOMICILIACIÓN BANCARIA	3	3	3
PASAR FIRMAS PRESIDENCIA E SECRETARIA	5	5	5
TOTAL MINUTOS	90	52	45
PREPARACIÓN DOCUMENTACIÓN PARA XUNTA DE GOBERNO			
ESCRITOS ALTA NO COLEXIO	10	10	8
TRANSMISIÓN ALTA TESOURERÍA. SELO VERIFICACIÓN	8	0	0
SAÚDA CERT SISTEMA RED	5	0	0
SAÚDA CERT SISTEMA CONTRATA	5	0	0
SAÚDA BENVIDA	8	8	8
TRASLADO CLAVE E USUARIO PAX. WEB	5	5	5
CARTA INDICA XURA OU PROMESA	5	5	5
TOTAL MINUTOS	46	28	26
ENVIAR DOCUMENTACIÓN A ORGANISMOS OFICIAIS			
ENVÍO LISTADO ALTAS E BAIXAS			
AEAT/XUSTIZA/TESOURERÍA	20	20	0
INSCRICIÓN REXISTRO DE COLEXIADOS-SLP	15	5	5
SOLICITUDE CREACIÓN DE CARNÉS	10	10	10
PREPARAR CARTAS PARA ENVÍO POR CORREO	5	5	0
OUTRA DOCUMENTACIÓN POR CORREO	30	30	10
TOTAL MINUTOS	80	70	25
SUMA TOTAL MINUTOS	276	180	119
HORAS TOTAIS CONSUMIDAS	4,60	3,00	1,98
PREZO POR HORA 2013 (ÚLTIMA REVISIÓN DA COTA)	37,04 €	37,04 €	37,04 €
TOTAL COTA INCORPORACIÓN	170,38 €	111,12 €	73,46 €

16 | PROCEDIMENTOS INFORMATIVOS E SANCIONADORES

c) Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que alcanzado firmeza, con indicación da infracción á que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta no seu caso, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

Non se produciu durante o ano 2018, ningunha instrución nin expediente informativo, relativo a este apartado.

17 | QUEIXAS E RECLAMACIÓNS

d) Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, no seu caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

LEI 25/2009 (Lei Ómnibus) Art. 5.-e LEI 1/2010, de 11 de febreiro da C.A. de Galicia e a LEI 2/2012, de 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias,(DOG de 11 de abril de 2012)

RECLAMACIÓNS E QUEIXAS:

O Servizo de Atención a Usuarios e Consumidores no exercicio 2018 , tivo entrada na secretaría Queixa, rexistro nº01/2018 , de 24 de xaneiro, polos servizos prestados.

Con data 7 de decembro , tivo entrada na secretaría, rexistro 59/2018, Reclamación polos servizos prestados por colexiado,pendente de resolución a 31 de decembro.

Queixas e Reclamacións	31-12-2018
	2